



Recomendación ao Concello de Ourense para que impulse o expediente incoado ao titular do local por exercer actividade non contemplada na licenza municipal resolvéndoo en prazo e que realice as actuacións precisas para dar cumprimento á normativa de protección fronte aos ruídos.

Expediente: C.8.Q/4538/19

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse esta queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED], sobre a os ruídos e incumprimento dos horarios de peche nun pub en Ourense.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente queixábase sobre a apertura e funcionamento durante máis de 4 anos dun local como Pub "[REDACTED]" cando en realidade é un café-bar.

Indicaba que tratábase dun dos locais icónicos da marcha de Ourense que leva varios anos funcionando sen ter licenza ante a inacción do concello. Tiveron que rebuscar entre os expedientes para demostrar que non podía exercer como pub porque a súa licenza é de café-bar. Recibimos ameazas do entorno da empresa por ter denunciado a actividade. Solicitaran información pero referían non ter resposta do concello. Referían non coñecer se ten iniciado expediente sancionador. Levaban anos denunciando as molestias.

Presentaran escritos dirixidos a ese concello en datas 08/04/2019 nº rexistro web2019001975, 09/04/2019 nº rexistro web 2019001987, 22/04/2019, nº rexistro web

2019002198, 08/05/2019, nº rexistro web2019002514, e 13/05/2019, nº rexistro web2019002586.

Admitida a trámite a queixa, iniciouse a investigación solicitando informe a ese concello en data 14 de outubro do 2019. Remitido o informe municipal se indicaba:

“Visto o escrito remitido polo Valedor do Pobo o 15 de outubro de 2019 solicitando información sobre a denuncia presentada por D. ██████, en relación coas molestias que ocasiona o establecemento sito na rúa ██████ co nome comercial "██████", comunícolle que dende a Sección de Disciplina Urbanística do Concello de Ourense séguese expediente co número 2019013602 incoado ao titular do local por exercer actividade non contemplada na licenza municipal e que a data de hoxe o expediente atópase pendente do informe xurídico correspondente do Servizo de Rehabilitación, Vpp e Peris dende o 5 de xullo de 2019.”

Co fin de avanzar na investigación, valorado o contido de dita información, con posterioridade se solicitou informe complementario ao Concello de Ourense. O mesmo houbo de ser requirido, posteriormente en dúas ocasións nas datas do 29 de novembro do 2019 e 3 de xaneiro do 2020. O 20 de xaneiro do 2020, finalmente foi remitido sinalándose no mesmo o que literalmente dí:

“Visto o escrito remitido polo Valedor do Pobo o 8 de xaneiro de 2020 solicitando información sobre as actuacións seguidas no Concello de Ourense en relación coas molestias que ocasiona o establecemento sito na rúa ██████ co nome comercial "██████", comunícolle que dende a Sección de Disciplina Urbanística do Concello de Ourense séguese expediente co número 2019013602 incoado ao titular do local por exercer actividade non contemplada na licenza municipal e que a data de hoxe o expediente segue pendente do informe xurídico correspondente do Servizo de Rehabilitación, Vpp e Peris dende o 5 de xullo de 2019.”

## ANÁLISE

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 18.g), non só contempla a protección contra a contaminación acústica como competencia propia dos entes locais, senón que tamén contempla o dereito da veciñanza a esixir o exercicio desa competencia, polo que é obrigada a intervención municipal ante os problemas veciñais xurdidos por contaminación acústica.

Todas as administracións públicas están obrigadas, no ámbito das súas respectivas competencias, a protexer os dereitos constitucionais da cidadanía (art. 53.1 CE) e, por tanto, neste punto concreto dos ruídos que invaden os seus domicilios, as administracións han de actuar dun modo eficaz para conseguir que se reconduzan aos límites fixados polo ordenamento xurídico.

No caso dos municipios, por ser o primeiro nivel de actuación, así resulta das atribucións competenciais outorgadas por dita lei. Os municipios gozan para a protección dos dereitos da cidadanía de diversas potestades, entre as que se atopan as de inspección e sanción, debendo adoptar as medidas correctoras necesarias, con ou sen vinculación a un expediente sancionador e sen prexuízo do seu papel mediador nos casos nos que concorran diversos intereses de diferentes persoas, en aras da boa convivencia.

A intervención administrativa debe seguir o principio de legalidade, en canto que todas as actividades susceptibles de provocar molestias por ruído deben cumprir coas esixencias que establece o ordenamento xurídico, e no que a administración non pode descoñecer o seu deber de intervención e control, por tratarse de actividades con incidencia no medio ambiente e na saúde das persoas.

Conforme pois, coa Lei de Bases do Réxime local e cos artigos 6, 28 e 30 da Lei do Ruído, os municipios teñen competencias en materia de protección contra a contaminación acústica; e conforme ao artigo 1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, os concellos poden intervir a actividade dos seus administrados no exercicio da función de policía, cando exista perturbación ou perigo de perturbación grave da tranquilidade, seguridade ou salubridade cidadás, co fin de restablecelas ou conservalas. En consecuencia, o concello ten o deber de actuar para previr e corrixir o ruído, o cal esixe, polo menos, prestar atención aos problemas que a asociación promotora deste expediente de queixa viña denunciando, realizar unha comprobación in situ, no momento de producirse as molestias para determinar o alcance do conflito e tratar de buscar unha solución razoable.

Esta institución pode entender que ás veces as administracións municipais dispoñen de recursos limitados para cumprir coas funcións que teñen encomendadas e atender as solicitudes e denuncias que a cidadanía lle dirixa. Non entanto, non hai explicación que xustifique que ante un problema que se repite no tempo, non se activaran todos os mecanismos que a lexislación prevé para previr e corrixir as molestias que ocasiona o local "██████████".

Nos informes municipais incorporados a este expediente no curso da investigación desta queixa e anteriormente transcritos, indícanse que dende o 5 de xullo do 2019 o expediente incoado ao titular do local por exercer actividade non contemplada en licenza está pendente do informe xurídico. A resposta á institución é a mesma no informe do mes de outubro no que indicaba "estar pendente de informe xurídico dende o 5 de xullo de 2019" que no informe que remiten no mes de xaneiro. Á data desta resolución, a pendencia dese informe xurídico é de sete meses cumpridos.

Neste contexto convén lembrar que o artigo 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, e o 21.6 que o persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares

dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo.

No fondo desta queixa, semella que o tempo, constitúe unha cuestión de evidente relevancia práctica, máis alá do ámbito xurídico-administrativo, toda vez que a “██████████” cando solicita a intervención desta Valedoría, levaba xa moitos escritos denunciando a problemática en relación co referido local ante o concello na procura dunha solución para a pluralidade de persoas afectadas pola problemática xerada polo referido local, sen obter un resultado axeitado á normativa de aplicación.

### CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Ourense a seguinte RECOMENDACIÓN

*“Que impulse o expediente incoado ao titular do local por exercer actividade non contemplada na licenza municipal e resolva nos prazos previstos na normativa de aplicación.*

*Que realice as actuacións precisas para dar cumprimento á normativa de protección fronte aos rúidos e no seu caso, adopte cantas medidas cautelares procedan.”*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración o saúdo atentamente

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo

